

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2022/G003/000972

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

Asunto: CONVOCATORIA E BASES 1 PRAZA DE TAX ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretario Xeral, dita a presente

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Visto o informe emitido por D^a. Cristina Garay Aguirre, Técnica de Persoal e RR.HH. de data 9 de marzo de 2022 con CVD: b5LkxXmx9knVDiAHC078.

Vista a proposta de resolución de D. José María Sánchez Novo, Concelleiro de Persoal e Seguridade Cidadá, de data 10 de marzo de 2022, con CVD: cKAQlev1HkDxizBlofxU.

E recibido informe favorable de D^a. Luz María Villa Álvarez, interventora municipal, de 22 de marzo de 2022 con CVD: 3VGA9Tcye5jjuC/fk7sl. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do proceso de promoción interna horizontal para cobertura interina da vacante de TAX adscrito ao departamento de contratación (incluída na vindeira OEP 2022) polo procedemento de concurso de méritos, no que poderán participar todos/as os/as empregados/as públicos desta Administración con praza en propiedade de grupo/subgrupo A1 (ou equivalente de persoal laboral) e co requisito de titulación esixido na vacante (perfil xurídico), coas seguintes bases reguladoras e cun procedemento de máxima celeridade ao abeiro do establecido pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, en concordancia co establecido pola Lei de Orzamentos do Estado para 2022:

BASES REGULADORAS DO PROCESO PARA COBERTURA INTERINA POLO PROCEDIMENTO DE PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL A TRAVÉS DE CONCURSO DE MÉRITOS DO POSTO DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO/SUBGRUPO A1, PERFIL XURÍDICO, ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a selección con carácter de urxencia por quenda restrinxida á promoción interna horizontal, dunha praza de Técnico/a de Administración Xeral, grupo/subgrupo A1 con perfil xurídico, adscrito ao departamento de contratación, de persoal funcionario interino por vacante, de duración ata o máximo de 3 anualidades (sendo incluída na OEP 2022 de conformidade ao establecido pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, e demais de aplicación).

A selección realizarase polo procedemento de concurso de méritos máis unha entrevista persoal de conformidade ao baremo contido nas presentes reguladoras.

O/a aspirante que finalmente sexa nomeado/a percibirá durante toda a duración do nomeamento interino por vacante, as retribucións correspondentes a un grupo/subgrupo A1 previstas na RPT en vigor, cos incrementos anuais que correspondan.

Transcorrida a duración máxima do nomeamento interino (ata 3 anualidades en execución da OEP 2022), o/a funcionario/a cesará automaticamente sen posibilidade de prórroga, coa salvidade establecida na Lei 20/2021 referida á finalización do proceso selectivo para cobertura en propiedade.

SEGUNDA.- REQUISITOS DE ACCESO Á CONVOCATORIA

O/as aspirantes, tratándose dun concurso de promoción interna, por quenda restrinxida, dirixido ao persoal municipal, deben estar en posesión dunha praza en propiedade de persoal laboral ou persoal funcionario no Concello de Arteixo, do grupo/subgrupo A1 (ou equivalente no caso de persoal laboral- grupo I), e acreditar posesión de título universitario de perfil xurídico que posibilite o desempeño do posto de traballo de TAX adscrito ao departamento de contratación. Dada a condición de persoal municipal, non deberán acreditar documentalmente as condicións de acceso á función pública obrantes xa nos seus expedientes do rexistro de persoal (nacionalidade, idade, incompatibilidade,...), coa salvidade do requisito de titulación: grao universitario ou equivalente de perfil xurídico.

TERCEIRA.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentándose por sede electrónica, no rexistro xeral do Concello ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias e documentación é **de 5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio de convocatoria no BOP, toda vez se teñan publicadas as bases no taboleiro de edictos da Corporación, así como complementariamente na web municipal.

A instancia irá inexcusamente acompañada da seguinte **DOCUMENTACIÓN:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

1. Titulación requerida para o acceso á praza de técnico de xestión A1, perfil xurídico
2. Acreditación do requisito de pertenza ao grupo/subgrupo A1 (ou equivalente no caso de persoal laboral) con praza en propiedade : Toma de posesión como funcionario de carreira do grupo/subgrupo A1 ou contrato de persoal laboral fixo do grupo/subgrupo equivalente para o caso de persoal laboral (grupo I segundo Convenio)
3. Currículum vitae autobareado segundo o baremo establecido nas presentes bases cos títulos/acreditacións de todos os méritos profesionais e académicos que se desexen presentar, de conformidade ás presentes bases. Os méritos profesionais relativos á carreira administrativa nesta Administración dos/as aspirantes admitidos/as, serán aportados polo departamento de Persoal e RR.HH. acreditándose recoñecemento de servizos prestados, desempeño de postos/prazas de distinto grupo de pertenza, comisión de servizos e outros, exclusivamente daqueles méritos a considerar segundo o baremo contido nestas reguladoras. Os méritos profesionais doutras Administracións deberán ser aportados polos/as aspirantes

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución a maior brevidade posible, polo que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, de ser o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para emenda da documentación. No caso de non existir aspirantes excluídos/as poderase elevarse a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao concurso de promoción interna horizontal.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR/COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a de carreira preferentemente dos grupos A1/A2 da Administración Local ((titular e suplente)
- Secretario, quen actuará con voz e voto: o/a funcionario/a que ocupe o posto de Secretario Xeral do Concello de Arteixo (titular) e/ou funcionario/a en que delegue (suplente)
- Vogais: persoal funcionario ou laboral fixo indistintamente, preferentemente de ámbito competencial relacionado co posto convocado (3 titulares e 3 suplentes)

A composición nominativa da Comisión avaliadora (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a listaxe de aspirantes admitidos/as determinando data de constitución do mesmo e de inicio da selección, respectando o principio de paridade e idoneidade técnica dos seus membros.

Os membros da Comisión avaliadora terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión avaliadora cando concorran as circunstancias de abstención reguladas legalmente.

A Comisión avaliadora non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente, o/a secretario e un/ha vogal. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente.

Todos os membros da Comisión avaliadora terán voz e voto. A Comisión avaliadora queda competencialmente capacitada para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación da Comisión avaliadora axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

SIXTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de concurso de méritos, con posterior entrevista curricular dos/as aspirantes que acaden as 5 mellores cualificacións dos méritos.

- Baremo de méritos: máximo 100 puntos
- Entrevista: máximo 20 puntos

O concurso de méritos rexirase polo seguinte Baremo, de conformidade ao establecido polo marco legal de aplicación:

6.1 NIVEL/GRAO PERSOAL CONSOLIDADO (máximo posible neste apartado 15 puntos)

Sendo que o posto convocado ten determinado nivel de complemento de destino 27, baremarase o nivel/grao persoal consolidado do seguinte xeito:

- a. Por ter consolidado grao persoal/nivel igual ou superior ao posto que se solicita (CD 27 ou superior): 15 puntos
- b. Por ter consolidado grao persoal/nivel inferior como máximo en dous niveis ao posto que se solicita: 12 puntos
- c. Por ter consolidado grao persoal/nivel inferior de máis de dous e máximo catro niveis ao posto que se solicita: 8 puntos
- d. Por ter consolidado grao persoal/nivel inferior de máis de catro niveis e máximo seis niveis, ao posto que se solicita: 5 puntos

Para os supostos de promoción cruzada de persoal laboral, entenderase consolidado o nivel da da RPT en vigor (ou no seu defecto, o determinado pola VPT do 2004 e 2008, do Plan de emprego de persoal laboral).

6.2 TRABALLO DESENVOLTO (máximo posible neste apartado 40 puntos)

- a. Polo desempeño de postos de nivel técnico grupo/subgrupo A1 (ou equivalente grupo I de persoal laboral) en postos/prazas con perfil xurídico na mesma área competencial e

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

análogas funcións que a vacante convocada: 0,5 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 20 días

- b. Polo desempeño de postos de nivel grupo/subgrupo A1 (ou equivalente grupo I de persoal laboral) noutras áreas competenciais: 0,15 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 20 días ata un máximo de 20 puntos

Os períodos de excedencia voluntaria por interese particular, non se contabilizarán como mérito. As encomendas de funcións, substitucións e análogas computaran como efectivo desenvolvemento de posto de nivel técnico encomendado. Nos supostos de desempeño de postos a través de comisión de servicios, únicamente contabilizarase a puntuación correspondente ao máximo temporal legal de 2 anos.

6.3 MÉRITOS ACADÉMICOS-FORMACIÓN (máximo posible neste apartado 25 puntos)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento directamente relacionados coas funcións e/ou área funcional propia do posto ofertado (incluídas xornadas e encontros profesionais e accións formativas de duración superior a 10 horas). Non serán valorados os cursos que non sexan impartidos por Administracións, Sindicatos, INEM, Universidades, empresas acreditadas para impartición de AFCA, AFD, Plans concertados e/ou unitarios de formación e/ou por outros axentes formativos debidamente homologados e acreditados para formación na Administración Pública, de xeito que todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos oficiais. Non serán valorados os cursos impartidos por academias privadas salvo nos casos anteriormente referidos.

Non se valorarán os cursos/acción formativas de duración inferior a 10 horas nin tampouco aqueles referidos a marco legal obsoleto/derogado nin os cursos de informática básica de programas usuario (Word, Excel, Powerpoint, páxinas web e similares).

As valoracións de cursos son excluíntes, de xeito que só se valorará o de maior puntuación, non sendo posible ademais, o fraccionamento de títulos en módulos ou similares, nin a valoración dun mesmo mérito en máis dun apartado. Non serán valorados os cursos/módulos ou accións formativas ou similares necesarios para contabilización de créditos propios da titulación universitaria establecida como requisito de pertenza ao grupo/subgrupo do posto ao que se opta.

- a. Pola asistencia a cursos directamente relacionados con funcións de carácter técnico xurídico relacionado coa área competencial ou coas funcións propias da vacante convocada, ata un máximo de 15 puntos
O/a aspirante que contabilice o maior número de horas de formación, acadará os 15 puntos, realizándose unha regra proporcional simple para os/as restantes aspirantes.
- b. Pola asistencia a outros cursos, seminarios e accións formativas relacionados con Administración Pública que non correspondan ao apartado anterior (programas avanzados de informática e/ou tramitación electrónica, igualdade de xénero, prevención de riscos de traballo e análoga formación transversal ou outra formación doutras áreas competenciais), ata un máximo de 8 puntos

O/a aspirante que contabilice o maior número de horas de formación, acadará os 8 puntos, realizándose unha regra proporcional simple para os/as restantes aspirantes

- c. Polo coñecemento de lingua galega:
- Nivel medio de linguaxe administrativa: 1 punto
 - Nivel superior de linguaxe administrativa: 2 puntos

6.4 SERVIZOS PRESTADOS NA ADMINISTRACIÓN/ANTIGÜIDADE (máximo posible neste apartado 20 puntos)

Valorarase a efectiva prestación de servizos na Administración Pública do seguinte xeito:

- a. 2 puntos por ano completo acumulado, sempre que correspondan á prestación de servizos do grupo/subgrupo A1 (ou categoría análoga de persoal laboral)
- b. 1 punto por ano completo acumulado, sempre que correspondan á prestación de servizos do grupo/subgrupo A2 de postos de Administración Xeral (ou categoría análoga de persoal laboral)
- c. 0,5 puntos por ano completo acumulado, sempre que correspondan á prestación de servizos do grupo/subgrupo B, C1 ou inferior (ou categoría análoga de persoal laboral)

SÉTIMA.- ENTREVISTA, CUALIFICACIÓNS DO CONCURSO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO

A Comisión de valoración elaborará unha listaxe provisional de puntuacións do concurso, en orde de prelación das puntuacións totais, de todos/as os/as aspirantes admitidos/as, pasando a entrevista os 5 aspirantes con maior puntuación.

ENTREVISTA PERSOAL E CURRICULAR:

Realizarase unha entrevista persoal a cada un/ha dos aspirantes que acaden as 5 primeiras posicións no baremo de méritos, cunha duración máxima de 30 minutos. A entrevista versará sobre as aportacións que a experiencia profesional posibilitará para desenvolvemento do posto, competencias e sobre materias propias do posto convocado e análogas. A puntuación máxima da entrevista será de 20 puntos.

Publicarase o resultado do concurso (puntuacións do baremo de méritos máis a puntuación da entrevista) no taboleiro de edictos e complementariamente na web municipal. Outorgarase un prazo de 3 días naturais dende a publicidade para presentación de alegacións.

A Comisión de valoración resolverá as alegacións presentadas, de ser o caso, e elevará proposta de nomeamento á Alcaldía-Presidencia do/a aspirante que acade a primeira posición, quedando os/as demais aspirantes nunha listaxe de substitucións para supostos de desestamento, baixa, renuncia ou calquera outra vacante temporal de análoga natureza. A Alcaldía-Presidencia deberá proceder a acordar o nomeamento e toma de posesión a maior brevidade posible dada a urxencia do proceso, no prazo posesorio máximo establecido de 3 días.

OITAVA – INCIDENCIAS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

A Comisión de valoración como órgano seleccionador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso, en todo canto non estea previsto nestas bases.

NOVENA.- NORMA FINAL

Esta convocatoria e bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven da mesma, así coma as actuacións do Comisión avaliadora en interpretación e cumprimento do contido nelas, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para o non previsto nas presentes bases reguladoras será de aplicación o establecido no RDL 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido do EBEP coas modificacións introducidas polo RDLei 14/2021, de 6 de xullo, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, RD 364/1995, de 10 de marzo, RD 896/1991 e demais normas concordantes de conformidade ao marco legal e normativo en vixencia.

TERCEIRO.- Ordenar ao departamento de persoal a inmediata publicación no BOP de A Coruña para realización do proceso de promoción interna horizontal no prazo máximo do vindeiro 30 de marzo de 2022, debendo paralelamente incluír a vacante de TAX adscrita ao departamento de contratación na vindeira OEP 2022.

CUARTO.- Dar traslado do acordo adoptado ao departamento de contratación así como á representación sindical, a efectos informativos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).